



LIÑARES DE BIDUL - PONTE DE VILABOL

Club de Montaña O Carroucho

16 de Novembro de 2013

A ruta de hoxe comeza no lugar de Liñares de Bidul. Alí colleremos un camiño que sae á esquerda en dirección leste. Ao comezo, os nosos pasos discorren por un bo camiño que atravesa monte baixo e que pouco a pouco convértese nun sendeiro descendente de bastante pendente. Máis adiante atopamos as ruínas do pobo de Ludeiro dando entrada a unha paraxe de rochas e bosque autóctono.

Continuamos por un sendeiro de laxe bastante esvaradío, que atravesa varios soutos e regatos pasando xunto aos restos de antigas corripas. A cada paso o sendeiro faise máis fermoso seguindo o regato do Navallo, encaixado



no fondo do val, onde atoparemos unha casa habitada temporalmente e que posúe unha fonte. A partires deste punto o camiño ascende en forte pendente comezando a aparecer os abundantísimos albedros que xa non nos abandonarán na meirande parte da ruta. Seguimos o camiño que en suave e prolongado descenso percorre a aba do monte de Marbondo ata achegarnos á estrada preto da ponte de Boadil, no límite xeográfico co Principado de Asturias que transcorre no sentido sur polo medio do río Navia que neste punto forma a cola do encoro de Grandas de Salime. Colleremos á dereita seguindo a ribeira do río Navia en dirección ao pobo de Riodeporcos. Atoparémonos unha ponte colgante sobre o río para o acceso peonil dende a provincia de Lugo ao lugar de Riodeporcos. Deixaremos a ponte e seguiremos recto por un bo camiño enchido de albedros e flora autóctona.

na á beira do encoro. Ao pouco o camiño intérnase nos límites da auga do encoro cando este se atopa cheo. Se a altura da auga non permite o paso será preciso facer uns poucos quilómetros a maiores polo asfalto nunha variante menos axeitada e longa. Continuamos pola canle do río Navia gozando dunha paisaxe fluvial de gran beleza atopándonos de seguido co camiño da República, antigo camiño feito a man nos anos 30 e 40 que une A Fonsagrada con San Antolín de Ibias (Asturias) e que discorre pegado ao encoro de Grandas de Salime.

Pronto chegaremos a un lugar chamado “a fábrica”, onde se fundía o mineral ata o ano 1875, e do que aínda hoxe se conservan os restos dos fornos e a casa da dirección. Na aldea abandonada da Fornaza, situada xusto por enriba de nós, atópanse os restos de antigos fornos de fundición férrea e unha antiga capela. Seguiremos o curso do río Navia ata o punto onde acolle a auga do río Suarna, tamén chamado no lugar río Lamas, e seguiremos á súa beira durante o resto da ruta. Seguindo o camiño preto do río Suarna atoparemos a Ferrería de Vilar de Cuiña, que tivo actividade ata finais do século XIX. Despois de deixar este lugar, hoxe convertido en área recreativa, continuamos polo camiño da República ata chegar á ponte de Vilabol onde remata a nosa andaina.

Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Datos Básicos

Comezo: Liñares de Bidul

Remate: Ponte de Vilabol

Distancia lineal: 18 km.

Duración aproximada: 6 horas

Dificultade: Media


Altura máxima: 826 m

Altura mínima: 241 m

Acumul.: ↗351 m / ↘885 m



© OCE Design



Próxima cita:

14 Decembro
Cea de Nadal



O Carroucho

www.carroucho.org